



## BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2024 CONCELLO DE SANTA COMBA

Co obxectivo de fomentar a cultura, promover o Entroido no municipio de Santa Comba e dinamizar esta festa tradicional, o Concello de Santa Comba propón convocar o Concurso de Disfraces do Entroido 2024 do Concello de Santa Comba, que se rexerá polas seguintes bases:

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O Concello de Santa Comba ten como unha das súas prioridades a promoción cultural do Entroido, por tratarse dunha das festas tradicionais máis celebrada e popular entre a súa veciñanza.

Co obxectivo de promover a participación cidadá mediante a presenza do disfrace, convócase o Concurso de disfraces para o ano 2024.

### **SEGUNDA.- Data e lugar**

Este concurso celebrarase o domingo día 11 de febreiro de 2024, ás 18:00 horas no Recinto Feiral do Concello.

### **TERCEIRA.- Participantes e categorías**

- a) Individuais/parellas infantil: poderán participar nesta categoría as persoas ata os 14 anos incluídos.
- b) Individuais/parellas adultos: poderán participar nesta categoría as persoas que teñan máis de 14 anos.
- c) Grupos: encádranse nesta categoría os participantes grupais nos que o total de integrantes sexán 3 participantes ou máis, de calquer idade.

### **CUARTA.- Inscricións: Lugar e prazo de presentación**

As inscricións faranse telemáticamente no formulario de inscrición: [www.santacomba.es/reservas](http://www.santacomba.es/reservas), ata ás 24:00 horas do xoves 8 de febreiro.

Excepcionalmente, e previa autorización dos membros organizadores do evento, os participantes poderán inscribirse o mesmo día do concurso.



## **QUINTA.- Desenvolvemento**

Os participantes no concurso deberán presentarse no Recinto media hora antes do inicio do desfile para recibir a orde de actuacións.

Os participantes deberán desfilar diante do xurado cun tempo máximo de 5 minutos. Cada membro do xurado outorgará unha puntuación, que debe ser de 0 a 5 puntos. A puntuación dependerá do disfrace, da orixinalidade, posta en escea, etc.

Os participantes que precisen música específica para a actuación deberán aportala nun usb ou adaptarse a que lle facilite a organización.

Os gañadores do concurso serán nomeados no mesmo día do desfile.

Os participantes deberán cumprir coas instrucións que lle comunique a organización para o correcto desenvolvemento do concurso.

O evento será fotografado e gravado, e as imaxes e gravacións poderán ser publicadas nas plataformas dixitais do Concello de Santa Comba. Por motivos de transparencia, os nomes dos gañadores serán publicados na web do Concello de Santa Comba.

## **SEXTA.- Premios**

Outorgaranse os seguintes premios:

a) Individuais/parellas infantil.

1º Premio: 75 €

2º Premio: 50 €

3º Premio: 30 €

b) Individuais/parellas adultos.

1º Premio: 100 €

2º Premio: 75 €

3º Premio: 50 €

c) Grupos.

1º Premio: 350 €

2º Premio: 250 €

3º Premio: 150 €

A concesión dos premios farase pública o mesmo día do desfile, unha vez se celebre a reunión do xurado.

Os premios serán vales canxeables en establecementos do Concello de Santa Comba.



Os premios caducan aos 15 días naturais (ata o 26 de febreiro inclusive), prazo no cal os premiados deberán comunicar o establecemento comercial de Santa Comba no cal pretenden gastar o vale de compra.

## **SÉTIMA.- Xurado**

A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso que estará composto por tres membros, nombrados pola organización do evento. Deberán formalizar unha acta coas oportunas valoracións nas que se propoña a concesión dos premios.

O xurado do Concurso de Disfraces do Entroido 2024 pode declarar algún premio deserto se o considera conveniente e terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. En ningún caso se contempla o empate. O xurado terá que determinar o gañador na categoría correspondente.

A decisión do xurado será inapelable e adotarase por maioría simple de entre os seus membros.

Durante o desenvolvemento do concurso, o xurado valorará:

- Vestiario e maquillaxe (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): de 0 a 5 puntos.
- Orixinalidade: de 0 a 5 puntos.
- Posta en escena: de 0 a 5 puntos
- Coreografía e música: de 0 a 5 puntos
- Involucrar ao público: de 0 a 5 puntos

## **OITAVA.- Aceptación das bases**

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das presentes bases.

Santa Comba,

31 de xaneiro de 2024